

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de maio de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta e cinco minutos do día vinte e sete de xuño de dous mil cinco e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está presente por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(561).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLIÍTICA TERRITORIAL OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A FINANCIACIÓN DA COMPRA Á AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO DAS PARCELAS NAS QUE SE UBICARÁ O AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 15774/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Área de Réxime Interior, do 19.05.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

Pola Alcaldía, en data de hoxe, remítese para o seu informe-proposta o Convenio que se cita no encabezamento que foi aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión de data 28.04.05. Como se indica na cláusula primeira o Convenio ten por obxecto a colaboración da Xunta de Galicia na adquisición polo Concello das parcelas nas que se localizará o futuro Auditorio-Pazo de Congresos, adquisición que se instrumentará mediante o oportuno contrato de compravenda a formalizar entre o Concello e a Autoridade Portuaria de Vigo por un importe de 3.966.315,99 €.

O antecedente inmediato do documento é o Convenio formalizado en data de 5 de agosto de 2004, entre as Administracións citadas e a Autoridade Portuaria que tivo por obxecto a colaboración e cooperación técnica e económica para a construción, na Avda. de Beiramar en Vigo, dun Auditorio-Pazo de Congresos, nese convenio indicábase que a Xunta de Galicia contribuiría á execución das obras cunha achega de 18.570.000 € e o Concello con outra de 12.000.000 €, é dicir a financiación distribuíriase en 60,75% e en 39,25% respectivamente.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)

-Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común (LRXPAC).

INFORME.-

O art. 57 da LBRL advirte que a cooperación económica, técnica e administrativa entre as Administracións Locais e as Administracións Autonómicas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario e poderá ter lugar, en todo caso, mediante a subscripción de convenios administrativos. Por outro lado o art. 9 da LRXPAC sinala que as relacións entre as Administracións das Comunidades Autónomas e as entidades que integran as Administracións Locais rexeranse pola lexislación básica en materia de réxime local (arts. 55 a 60 da LBRL), aplicándose supletoriamente ó sinalado nesa Lei, é dicir, en materia de convenios de colaboración ante a ausencia de normativa específica na lexislación de réxime local deberase contempla-lo previsto no art. 6.2 da LRXPAC.

O documento remitido menciona ós órganos que realizan o convenio, a capacidade xurídica coa que actúa cada unha das partes, a competencia que exerce cada Administración, a financiación da actuación prevista, as actuacións a desenvolver e o prazo de vixencia do conveniado polo que baixo este aspecto debemos entender que o estipulado axústase á normativa aplicable.

Segundo a cláusula segunda a colaboración da Xunta de Galicia para os fins previstos –adquisición polo Concello de distintas parcelas- concrétese nunha achega económica de 2.409.536,96 € equivalente o 60,75% do valor da compra, cantidade que se transferiría ó Concello nas seguintes anualidades.

-Anualidade 2005.....	50.000,00 €
-Anualidade 2006.....	841.339,83 €
-Anualidade 2007.....	721.148,35 €
-Anualidade 2008.....	398.524,39 €
-Anualidade 2009.....	398.524,39 €

Os compromisos do Concello concretanse na aportación da cantidade complementaria, é dicir, na aportación de 1.556.779,10 €, importe que se consignará no vixente orzamento municipal unha vez que sexa definitiva a modificación de crédito que, financiada con remanente de tesourería, foi aprobada provisionalmente polo Pleno municipal na sesión de data 25.04.05, asemesmo o Concello obrígase a impulsar e accelera-la instrucción do expediente de contratación para a adxudicación da concesión da obra pública do Pazo-Auditorio unha vez sexa formalizada a compravenda e dispoña dos terreos nos que se ubicarán as construcións.

Os convenios de colaboración interadministrativa son auténticos negocios xurídicos, é dicir, contratos que se caracterizan pola ausencia de ánimo de lucro das partes intervinentes e pola actuación destes en pe de igualdade, é dicir, sen prerrogativas, todo elo co fin de acadar un fin público común como é a adquisición das parcelas nas que se ubicará o futuro Pazo-Auditorio da Cidade de Vigo.

O art. 127.1.f) da LBRL engadido pola Lei 59/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sinala que tódalas contratacións son competencia da Xunta de Goberno Local.

Previamente a súa aprobación deberá emitirse informe de fiscalización pola Intervención Xeral no que se analizará a capacidade municipal para facer fronte no tempo as obrigas que do convenio se derivan.

De conformidade co sinalado e a resultados do que se manifeste pola Intervención Municipal, procede que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aproba-lo Convenio de colaboración a subscribir polo Concello e a COTOPV co texto que se transcribe no anexo deste acordo que ten por obxecto a financiación da adquisición das parcelas nas que se ubicará o Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo.

Segundo.- Remiti-lo presente acordo á Intervención Xeral do Concello, Tesourería Municipal e Departamento de Patrimonio.

Terceiro.- Facultar á Excm. Sra. Alcaldesa para a sinatura do documento mencionado e para a resolución de tódalas incidencias e decisións que poidan xurdir na execución das previsións mencionadas.

Consta no expediente informe da Interventora xeral de data 24.05.05.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de colaboración a subscribir polo Concello e a COTOPV, co texto que se transcribe de seguid, que ten por obxecto a financiación da adquisición das parcelas nas que se ubicará o Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo.

2º.- Remitir o presente acordo á Intervención Xeral do Concello, Tesourería Municipal e Departamento de Patrimonio.

3º.- Facultar á Excm. Sra. Alcaldesa para a sinatura do documento mencionado e para a resolución de tódalas incidencias e decisións que poidan xurdir na execución das previsións mencionadas.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS
E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A FINANCIACIÓN DA COMPRA Á
AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO DAS PARCELAS NAS QUE SE CONSTRUIRÁ O AUDITORIO-PAZO
DE CONGRESOS DA CIDADE DE VIGO.*

En Vigo, de do ano 2005

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Alberto Núñez Feijóo, Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, facultado para a formalización deste convenio polo disposto na Lei 1/1983, do 22 de marzo, reguladora da Xunta de Galicia e o seu Presidente.

Doutra parte, a Sra. D^a. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas partes recoñécense capacidade legal necesaria na calidade na que interveñen e

EXPOÑEN

I.- Que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia (CPTOPV); o Concello de Vigo e a Autoridade Portuaria de Vigo en data de 5 de agosto de 2004 formalizaron convenio interadministrativo que tiña por obxecto establece-las bases de colaboración e cooperación técnica e económica para a construción e explotación, na Avda. de Beiramar en Vigo, dun Auditorio-Pazo de Congresos e zona complementaria ó obxecto de que a explotación conxunta por parte do adxudicatario e os rendementos xerados por esa explotación contribuirán ó financiamento da construción do sistema xeral indicado.

II.- No Convenio indícase que ós efectos anteriores a Autoridade Portuaria de Vigo xa iniciara accións encamiñadas á desafección do dominio público portuario das parcelas nas que se localizarían as construcións (parcelas 57 a 59 da Avda. Beiramar) para a súa posterior cesión, a título gratuito, ó Concello de Vigo.

III.- Nas cláusulas terceira e cuarta do Convenio indican os compromisos da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, a estes efectos sinalan que a Xunta de Galicia, sen prexuízo de achegas anteriores estimadas en 3.600.000 €, contribuirá ó financiamento da execución das obras -demolición e construción- cunha achega de dezaoto millóns cincocentos setenta mil euros (18.570.000 €) distribuídos en distintas anualidades, e que o Concello de Vigo aportará, para idénticos fins, a cantidade de doce millóns de euros (12.000.000 €) distribuídos, tamén, en distintas anualidades.

IV.- En cumprimento do conveniado o Concello de Vigo, mediante acordos da súa Xunta de Goberno Local de datas 23 de novembro de 2004 e 14 de febreiro de 2005, e previa a súa exposición pública, aprobou o Estudio de Viabilidade e os Anteprojectos de construción e explotación da obra e de demolición das edificacións existentes, como trámites previos e necesarios á adxudicación da concesión de obra pública que posibilite a construción da dotación prevista.

V.- En data de 30 de xullo de 2004 a Excm. Sra. Ministra de Fomento dita orde ministerial pola que se desafectan do dominio público portuario as parcelas que debían ser obxecto de cesión polo que instada a mesma pola Autoridade Portuaria de Vigo o Consello Reitor do Ente Público de Portos do Estado, mediante resolución de data 7 de abril, acorda autorizar á Autoridade Portuaria de Vigo para que transmita a favor do Concello de Vigo, mediante cesión gratuita parcial e mediante alleamento parcial, as parcelas anteriormente citadas fixando en 3.966.315,99 € o importe do alleamento parcial.

VI.- A pesares de que a onerosidade da transmisión proposta polo Ente Público Portos do Estado, incrementa o gasto público da inversión a realizar, a Xunta de Galicia, a través da CPTOPV, e o Concello de Vigo ratifícanse na idea de que Vigo debe aspirar a contar con instalacións de dimensións adecuadas para a celebración de eventos culturais e congresuais que impulsen, dun xeito decidido e entusiasta, non só a actividade artística, turística e económica da cidade senón tamén a reordenación urbanística do entorno no que se ubicará o sistema xeral mencionado.

VII.- En consonancia co exposto, co fin de outorgar un definitivo impulso ás actuacións de construción do Auditorio-Pazo de Congresos, as partes intervincentes formalizan o presente Convenio con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente Convenio ten por obxecto a colaboración da Xunta de Galicia na adquisición polo Concello das parcelas nas que se localizará o futuro Auditorio-Pazo de Congresos da cidade de Vigo, adquisición que se instrumentará mediante o oportuno contrato de compravenda a formalizar entre o Concello e a Autoridade Portuaria de Vigo, polo importe que figura no expoñendo V.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA.

A colaboración da Xunta de Galicia concrétese nunha achega económica de 2.409.536,96 €, equivalente ó 60,75% do importe da transmisión, é dicir, na mesma porcentaxe ó previsto no financiamento público dos custos de demolición de edificación existente e construción do Pazo-Auditorio.

Esta aportación declárase compatible, no seu caso, con outras aportacións, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine a execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente.

A achega da cantidade mencionada efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 06 02 332A 762.0 e distribuirase nas seguintes anualidades.

<i>Anualidade de 2005</i>	<i>50.000,00 €</i>
<i>Anualidade de 2006</i>	<i>841.339,83 €</i>
<i>Anualidade de 2007</i>	<i>721.148,35 €</i>
<i>Anualidade de 2008</i>	<i>398.524,39 €</i>
<i>Anualidade de 2009</i>	<i>398.524,39 €</i>

As cantidades mencionadas transferiranse ó Concello no primeiro semestre de cada unha das anualidades mencionadas, previa xustificación, na primeira anualidade, da adquisición das parcelas.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DO CONCELLO DE VIGO.

O Concello de Vigo, asume as seguintes obrigas:

1.- Para o bo fin da actuación prevista o Concello de Vigo, previa a instrución dos expedientes administrativos que procedan comprométese a adquirir -aportando a cantidade complementaria a da Xunta- da Autoridade Portuaria de Vigo, as parcelas 57 a 59 da Avda. de Beiramar polo importe que se menciona no acordo do Ente Público Portos do Estado de data 7 de abril, sendo os gastos que no seu caso se deriven da transmisión (intereses legais, notariais...) da súa exclusiva conta.

Así mesmo o Concello de Vigo obrigase a impulsar e accelera-la instrución do expediente de contratación para a adxudicación da concesión de obra pública unha vez dispoña dos terreos nos que se ubicarán as construcións.

2.- Facilitarlle, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo

Consello de Contas de Galicia ou de calquera outro órgano de control competente, tanto nacional como comunitario, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

3.- Comunicarlle á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais ós efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste Convenio.

4.- Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 78.10 da Lei de Réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento, neste Convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

5.- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 78.4 da Lei de Réxime financeiro e orzamentario de Galicia, tódalas obrigas que, para ó mesmo, establece o citado artigo.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o impulso, seguimento e interpretación das accións establecidas no presente convenio crease unha comisión, que propoñerá as partes a resolución das controversias que resulten respecto da súa execución, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente Documento.

QUINTA.- INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS.

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán do coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativo. O incumprimento de calquera das súas cláusulas constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo.

SEXTA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

A vixencia do presente Convenio esténdese ata a completa terminación das obras do Auditorio-Pazo de Congresos e da zona complementaria polo Concesionario, cando sexa levantada de conformidade a acta de comprobación por parte do concello de Vigo segundo se estableza no prego de cláusulas administrativas particulares, non podendo exceder do 30 de xuño do ano 2009.

O presente convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ó acordado en tódalas cláusulas estendéndose en cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados.

2(563).-CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL PARA A CESIÓN GRATUITA E O ALLEAMENTO DAS PARCELAS 57 E 59 DA AVDA. BEIRAMAR, DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO A FAVOR DO CONCELLO. EXPTE. 15775/220.

Examinado o informe de Intervención municipal de data 26 de maio actual, referido ao expediente nº 15775/220, doc. Nº 50118741/220, no que se fai constar que o expediente en cuestión carece de fiscalización previa, retírase o expediente da orde o día co obxecto de que con carácter urxente por dita pedendencia se emite o informe citado.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás catorce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Lucía Molaes Pérez